

CONVOCATORIA COPA GALICIA DE CLUBS 2024

COPA GALICIA DE CLUBS

Competición non puntuable para o Ránking Nacional

CELEBRACIÓN

Célebrense nunha única xornada

Data: sábado 29 de xuño de 2024

Localidade: A Coruña

Instalación: Club del Mar de San Amaro

CATEGORÍAS E PROBAS

Categorías: absoluta feminina, absoluta masculina, Sub-15 feminina e Sub15-masculina

Evento por equipos no que cada encontro disputará tres probas: individual 1, individual 2 e dobres.

PARTICIPACIÓN

Terán dereito a participar os clubs con licenza na Federación Galega de Bádminton. Deberán dispoñer dun delegado/a ou técnico/a que realice a inscrición do equipo e esté presente nas xornadas para a entrega das aliñacións e firma da documentación durante a competición.

Terán dereito a participar deportistas con licenza deportiva territorial ou nacional en vigor na tempada 2024 tramitada por un club de Galicia ou pola Federación Territorial e que cumpran os requisitos de idade para cada categoría. As regulacións sobre deportistas participantes, aliñacións e cesións recóllense na Normativa da Copa Galicia para a tempada 2024.

INSCRICIÓN E COTAS

A inscrición dos equipos e deportistas debe realizarse en liña a través da web www.badminton.es con data límite o xoves 20 de xuño ás 23:59h.

Os clubs que presenten máis de un equipo por modalidade deberán remitir o excel “Equipo Copa Galicia de Clubs” ao correo electrónico torneos.fegabad@gmail.com antes de que finalice o prazo de inscrición. No documento debe especificarse os deportistas adscritos a cada un dos equipos presentados.

A cota de inscrición é de 50€ para o primeiro equipo de cada club e de 40€ para o segundo e sucesivos equipos de cada club.

As cotas serán abonadas a nome da FEGABAD unha vez recibida a factura no número de conta: ABANCA-IBAN ES17 2080 0567 0230 4000 2048

HORARIO (previsión)

O calendario da competición establecerase unha vez coñecida a inscrición. O horario de comezo da xornada non será anterior ás 9:00h e o último encontro non deberá programarse máis tarde das 20:00h.

PUBLICACIÓN

A información da competición poderá seguirse a través da páxina web da Federación Galega de Bádminton: www.badmintongalicia.com

SORTEO

Realizado pola Comisión Arbitral Galega de Bádminton o martes 25 de xuño.

EQUIPO ARBITRAL

Designado pola Comisión Arbitral Galega de Bádminton.

NORMATIVA APLICABLE

Normativa da Copa Galicia de Clubs para a tempora 2024.

SISTEMA DE COMPETICIÓN

A determinar según a inscrición recibida. Sistema mixto como preferencia

SISTEMA DE PUNTUACIÓN

A determinar según a inscrición recibida. Ao mellor de tres xogos de 15 puntos como preferencia.

VOLANTES

Pluma natural. Marca, modelo e velocidade determinada por FEGABAD.

ORGANIZACIÓN

Federación Galega de Bádminton
Club del Mar de San Amaro

SOBRE AS POSIBLES CONTINXENCIAS EN CAMBIOS DE DATAS OU CONDICIÓNS DE CELEBRACIÓN DOS TORNEOS

A Federación Galega de Bádminton é allea e non asume ningunha responsabilidade para con os/as deportistas e/ou equipos que se inscriben na competición deportiva en relación con calquera contratación (desprazamento, aloxamento, etcétera) que por parte destes puidera levarse a cabo en relación coa asistencia ao evento. Os deportistas expresamente renuncian a reclamar á FEGABAD e ao resto de entidades organizadoras e colaboradoras na posta en marcha o desenvolvemento da competición calquera gasto en que puidera incurrir en relación con calquera contratación (desprazamento, aloxamento, etcétera) efectuada pola súa parte no caso de que a competición non se chegase a celebrar ou se modificase de día-hora-lugar en base aos acordos que sexan adoptados.